Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

nº 22 (2026) SOLLA, Calros: Mitos ancestrais do Nadal en Cerdedo

O Xan Fiz, a Vella dos Reis, as Marías, a flor de Bonifacio, os Vellos de Tomonde, a sorte dos ghalos... Recuperación dos ritos e personaxes mitolóxicos do noso Nadal tradicional

© Calros Solla

Tras a cea de Noiteboa, simpatizando cos que, privados de lecer, debían pasar a noite en vela (por traballo, por acompañar un enfermo, por outras preocupacións...), dediqueille unhas horiñas á escrita. Sen desaproveitar o contexto e para que servise de recordatorio, propúxenme ordenar uns apuntamentos que sobre os ritos e costumes do Nadal fun recadando ao longo dos anos en Cerdedo e Montes, ao tempo que deixaba voar o meu maxín cara a un pasado remoto. Velaquí a recreación dun Nadal de subsistencia, fronte á desmesura e ao consumismo que desvirtuaron a cristianizada festa do solsticio de inverno:

A pasada noite, os mouros tafoneiros da Casa da Neve (Caroi) barutaron arreo no relón e a montaña do Seixo amañeceu ataviada de branco capelo. A valiña de Meilide, baixo unha saba de xeada lazo, soneaba entalecida. Craiaban esfameados os corvos e, na chousa, rebeiraba afouto o paporrubio.

No inverno carnal, a escuridade axiña atrapalla os camiños. A familia labrega recóllese cedo ao quente da

cociña. Na modesta intimidade, un pano de fumeira e charrizo envolve a améndoa das lapas, que bailarican sobre as achas candentes de estralo en rechío.

Xanela fóra, o latexo vital da vivenda redúcese a un embazado muxico de vagalume: a vella facendo as papas. Portas dentro, vellos e mozos, petises e entregos sentan a carón do lume novo da Noiteboa –quer a rentes dunha mesa, quer tras o levante do escano, quer nun tallo inxel ou mesmo no chan.

Varrérase ben varridiña a pedra do lar. A avoa recadou a borralla para un balde e, tarefa folgada, esparexeuna no alleiro sementado no minguante de decembro, xa que, consonte sabenza do agro: Tantos días de xaneiro, tantos allos perde o alleiro.

No lusquefusque, nai atravesou o eixido para levarlle o guizo á casa dos veciños. Do fogar alleo, nai trouxo as ascuas para, no propio, anovar a labarada que haberá rexer no trasfogueiro durante a primeira metade do ano (até o San Xoán). O Sol trasacorda o devalo e, paseniño, upará no ceo (Sol Invictus). O astro enteiro domesticarase pexándoo coa traba de cambotas e fornalleiras. Acaroado á parrumeira, quéimase o Tallo (o Tallo de Nadal), do que sairá o tizón que proverá meses en diante a casa e o armentío do fumazo valedor e sandador (maxia profiláctica vixente até dispor dos "ramos" bendicidos o Domingo de Ramos ou o xoves de Corpus). Coa cinza do primeiro lume cofaranse os lombos e as calugas da rabañada.

Nunha economía de autoconsumo, supeditada ao acaído das sortes, resortes e contrasortes (anticipo do tempo atmosférico anual), non hai mellor galano que desexarlles aos teus achegados aquilo que tamén desexarías para ti e mais para a túa familia: saúde, fartura e boandanza.

O rito de pedir pola abastanza comunitaria xa se escenificara polo San Martiño (mes de Santos), cando os aldeáns fixeron roldar polo quinteiro a figadeira dos marranchos acabados de matar: vítimas propiciatorias.

A familia xunta aconchégase á roda da luz e da calor. Encortelladas, as vacas asoman pola relleira do medianil os fociños bafexantes, mentres envían compasadas uns mangados de herba seca dispostos nas cambeleiras. Maino tinguilear de chocallos. Gorgolexa o porco na pía das lavaduras. Eis o Portal de Belén.

Doulles a palabra aos informantes:

"Na cea de Noiteboa celébrase que veu ao mundo o Niñodiós; o meniño naceu entre as pallas, como nacín eu, que me pariron no medio dunha mostea, pois a pobriña da miña nai púxose de parto canda o apuro da herba. Na Noiteboa comíase o que había na casa; nesa noite, ao mellor, engadíase alghún extraordinario: un peixiño que lles collías ás Belusas (peixeiras de Marín ou Bueu), castañas cocidas cun chourizo, unhas chulas de fariña centea, papas de arroz (do estraperlo), alghunha laranxa...

Aquí en Cerdedo había a crenza de pór na mesa un prato ou unha cunca a maiores, pois aghardábase polo Xan

Fiz; tamén se lle podía deixar unha lambiscada nas escaleiras do faiado ou por riba do canizo. O Xan Fiz é un vello, un veciño de por entre nós. Disque naceu aquí, nunha destas aldeas, pero, de mozo, marchou prá China ou prás Américas. O Xan Fiz seica é un home moi rico, anque vaia todo ghaldrapeiro. El aparenta moi remendado; ben, aparentar non aparenta nada, porque non se deixa ver, que vai vestido co 'traxe de asiandes', e así non o podes ver; non o pode ver ninguén. Pero el vir, víñate visitar; e tiñas que estar preparado, coma se un pobre calquera che petaba na porta á noitiña, que tiñas o deber de darlle pousada, tiñas que mulirlle na barra o cameiro de palla pra que non quedase teso ao relento; e se había unha cunca de caldo tamén lla ofrecías. Disque, o Xan Fiz xuntou moito carto porque se fixo coa 'pedra de Ghilardillo' –que é coma un corno–, e con esa pedra púxose moi rico; anque el dáse de pobre. Vai ti a saber como é a cousa. O Xan Fiz non che traía nada; traíache que se lle abrías a porta e compartías con el o pouco que tiñas, el, á súa maneira, xa se encarghaba de devolvercho ao longo do ano".



O Xan Fiz (Calros Solla)

A case esquecida tradición do Xan Fiz, oportunamente rescatada (Solla: 2010), tan nosa, tan apegada á humildade e hospitalidade montañesas, rescaldo de xenerosidade, solidariedade e esperanza, contrasta coas novas políticas de aceptación maioritaria: chimpar os pobres do alboio e condenalos a pasar a noite ao carazo, baixo unha ponte. Aborrezo o Nadal que nos dispensan os fanfurriñeiros de misa de doce. Ardan os fariseos no inferno!

Devólvolles a voz aos informantes:

"O día de Aninovo, malia ser o San Manuel, no lughar de Arén fáiselle festa ao San Mighel, e nós iamos comer a Barro, alí ao lado, á casa dunhas parentas. Sempre levabas algho, que non era cousa de se lle ir colghar a ninguén".

"Tamén había aquilo de, nos primeiros días do ano, andar pendente da chamada flor de Bonifacio, que é unha plantiña así pequeneira (non máis dunha cuarta de talo) que sae por estas datas, e se a dás traído prá casa, sempre é por cousa boa. Topala non é fácil. Eu un ano penso que dei con unha no Souto das Pazas, alá por entre aqueles carballos. Bota así unhas campaíñas rubias, moi feitiñas. Tróuxena prá casa, púxena nun púcaro con augha e aínda botou semanas sen perder o vizo". (Obviando o santoral, a etimoloxía de Bonifacio é elucidadora: "bo destino").

"Logho viñan os Reis, que de noite se poden mirar no ceo: tres estrelas en ringleira (o cinto de Orión; tamén, as Tres Marías), que van parando en cada pueblo de por aquí. A rapazada xuntábase e víñache cantando polas portas unhas canciós moi bonitas: 'Arriba, que a aurora,/xa está a pintar/o sol que namora/na terra e no mar...!'; era unha aleghría! E ti paghábaslles a atención cunhas castañas, cun chouriciño, cun anaco de touciño (as estreas). Ao acabaren, os pais das criaturas, co aghinaldo aquel, facíanlles unha comida. Poucas as ghrazas".

"No tempo dos Reis, eu aínda recordo que se falaba da Vella dos Reis, unha muller que dicían que non era ben, ou que era 'media cabra' e vivía soa no monte; tiña a casiña alá arriba, por riba das Chozas (Abelaíndo); e esta vella viña con aquelas comitivas de antes... Eu non sei se a muller traía unha cabra pola corda, ou eran os rapaces os que viñan coa cabra. A cousa é que os cantares tamén se lle dedicaban a ela, pra que a xente fose espléndida; e se non o era, entón dicíaselle: 'Cantámosche os reis, canela de cabra; cantámosche os reis e non deches nada!'". (Potente símbolo de fertilidade é a cabra a canda os cornos).



A Vella dos Reis (Calros Solla)

Na montaña, o espírito do Nadal encarna pois nunha parella de Vellos,

antípodas da ostentación: o Xan Fiz e a Vella dos Reis. Ben seguro, estes personaxes representan o ano terminal, que profire os seus últimos estertores. Dedúcese que, coa vista posta no ano novo, cómpre espelirmos a prodigalidade dos Vellos, enfrontando e superando unha proba coa que se avalía a nosa xenerosidade. Os Vellos han premiar "á súa maneira" o xesto revolucionario de compartir a escaseza.

Lonxe da febre egocéntrica, materialista e consumista que nos desfigura como humanidade, lonxe do vacuo refulxir das luces exteriores, o Nadal aldeán procuraba o acendido da nosa luminaria interior e incentivaba o saírmos na busca dunha desapercibida flor de virtude.

Entre os arautos e rexurgas da fertilidade, entrado o novo tempo, outra personaxe anciá vaticina na parroquia de Cerdedo se a anada vindeira vai ser farta ou escasa: María Mighez. Outra María –María Diz–, tamén muller idosa, denota en terra de Forcarei a fausta renovación do ciclo anual:

María Mighez (ou Maramighez) é unha vella pequeneira, enloitada, de paniño na cabeza. Aparécese tornando dunha vaca contra Costoa, unha tenza de monte situada entre as aldeas de Chamadoira e Biduído. Se o animal presenta corna ampla e gallada ou remollo ateigado, o ano será bo; se, pola contra, a vaca semella un canastro (o costaleiro arremeda o balaustrado dos hórreos), o ano vai ser ruín (Solla: 2005).

Outro exemplo de prognóstico liminal é a chamada sorte dos ghalos. Se no abrente do Aninovo, en Meilide se oen os galos cantar de cara a Abelaíndo, o ano vai vir tirado a chuvia (quedar as témporas de baixo); se, pola contra, campan de cara a Barro e Arén, o ano virá temperado (quedar as témporas de arriba). Nin si nin non, ano variábel. É sabido que o vento afecta a propagación do son, polo que, os galos de Abelaíndo se oirán se sopra o soán (vento do sueste): "Aire soán, chuvia na man".

No tocante a María Diz (ou Mari Diz), recollín xacando a noticia seguinte: Nas aldeas de Ventosela, Os Codesás e A Graña (A Madanela-Forcarei), nos contrafortes do Testeiro, María Diz é unha velliña vella, coa dentame de ouro que anova cada ano. As pebidas dentarias de María Diz van polo regueiro do Porto abaixo, cara ao Deza, e non son poucos os que as teñen procurado e mesmo apañado (Solla: 2012).

María Diz é a mítica personaxe que tamén se talumbra no topónimo Serra da Muller, paisaxe montesa que estabelece os lindes entre as parroquias de Folgoso (Cerdedo) e Ventoxo (Forcarei). Este territorio estremeiro foi escenario das tirapuxas aldeás motivadas pola aparición (e posterior adxudicación) dunha imaxe do san Nicolau (Santa Claus), actual padroeiro da freguesía de Ventoxo: "San Nicolau de Ventoxo/era branco e era roxo;/onde o fomos atopar?/onda os pixís de Folghoso" (Solla: 2025).

En resumo, en terra de Cerdedo e Montes, alén da mitoloxía cristiá, os numes do solsticio de inverno son, e non por acaso, un fato de vellos de xorne espartano: o Xan Fiz, a Vella dos Reis, María Mighez e María Diz. Atinadas alegorías para un irrenunciábel desenvolvemento sostíbel. Eríxense os nosos numes natalicios únicos e verdadeiros deuses pacifistas e antisistema. No vougo xenocida de Gaza –a uns 70 km de Belén–, chove sobre mollado.

Suma e segue. Consonte o recollido na parroquia de Tomonde (Cerdedo), unha parella de paisanos caracterizados (o Vello e a Vella) encabezaban na aldea os cortexos previos á Noiteboa ou á véspera de Reis: A víspera de Reis, ao anoitecer, saen coros cantando os Reis. En Tomonde (Cerdedo) van diante dúas máscaras, o Vello e a Vella, que rouban nas cociñas chourizos e xamóns co que celebran a gaiteirada de Reis (Taboada Chivite: 1972).

No Nadal, mais non só. Arredor dos Vellos (persoas disfrazadas e/ou monifates portados) e arredor do penouco petroglífico da Veigha do Chan (O Cachafal), artellando este período de transgresión e enmascaramento, tamén se festexaban en Tomonde o Entroido (a Queima dos Vellos): O vello, amais da careta e vestidos arbitrarios, levaba, como sinal de autoridade, unha especie de báculo rematado nun corno de carneiro, evidente reminiscencia dos antepasados galaicos e sinal de abundancia, co que petaba nas portas das casas ... O obxecto destes dous personaxes era pedir e acadar os aguinaldos (Rodríguez Fraiz: 2001); e o San Xoán (os Espantallos de Voda): Cando o froito madurecía nas leiras, os labregos, para manteren afastadas as aves granívoras, chantaban por entre o cereal unha lexión de monicacos na cruz. En Tomonde, acostumábase a espetalos por parellas: unha parella por cada agro de pan. Un boneco era vestido de home (o Bousán) e outro, de muller (a Bousana). Mais, antes de se ocuparen na espantadeira, uníanos en matrimonio. Un veciño facía as veces de cura, outros, de parentes e testemuñas. Alguén falaba polos noivos, que remataban por se dar o si, e mesmo lles acaroaban as cacholas para o bico. Tras a cerimonia, os participantes berraban: “As vodas do Bousán e da Bousana, que rin un día e choran unha semana” (Solla: 2012; 2024).

A maior abundamento, na amencida do 25 de decembro, a galiña dos pitos de ouro bótase fóra da cova do Castro Ghrande (monte do Seixo): Aquel que arele o emplumado tesouro deberá atraer a atención dos polos arremedando xeitoso o co-co da nai (Solla: 2002).

Sen baixar da montaña, este 3 de xaneiro a lúa chea reinará no ceo noitevo e o rato Rabisaco reloucará puntual pola devandita peneda do Castro até acadar, dun chimpo, o queixo lunar (Solla: 2013). Dar testemuño do rebuldeiro e máxico roedor é augurio de boa sorte, a mesma que eu lles desexo para o 2026.

Finalmente. A postal de Nadal máis chiada e rechouchiada estes días nas redes sociais foi a da Portalén nevada do monte do Seixo, cuxa lenda e existencia foron recollidas en terras de Cerdedo e divulgadas desde o ano 2002 por este humilde servidor. Fica demostrado que, sen apoio institucional ningún, é posíbel crear da nada

albos culturais de referencia. Fai o ben e non mires a quen.

Boas Festas, e nosas!